



ELEXIDO POR ACLAMACIÓN CABEZA DE LISTA DO BNG

Abraldes optará á reelección nas eleccións municipais de 2019

A Asemblea Local do BNG, celebrada o pasado mes de xullo, escolleu por unanimidade a Xosé Manuel Fernández Abraldes para encabezar a candidatura do Bloque ás vindeiras eleccións municipais.

O intenso traballo, o rigor e a gran capacidade para gobernar que nestes tres anos demostrou Abraldes como alcalde, fixeron que a Asemblea Local non dubidara en nomealo como candidato do BNG aos próximos comicios, que se celebrarán no mes de maio.

Abraldes aposta por seguir traballando para que Barro siga medrando e sexa, cada vez máis, un mellor concello no que vivir, con mellores servizos e do que todos nos sintamos orgullosos.

O Alcalde recalcou na Asemblea que Barro deu nos últimos tres anos un importante salto cualitativo e cuantitativo en nivel de servizos e de atención ao conxunto da veciñanza e afirmou que “Barro está en marcha e que ese ritmo non se pode deter por nada nin por ninguén”.

Así mesmo, Abraldes engadiu que forza, ganas e motivación non lle faltan para seguir traballando por Barro. Ao mesmo tempo que agradeceu ao conxunto dos veciños e veciñas a boa disposición e o apoio que lle mostran a todas as iniciativas que se realizan desde o goberno.

O BNG, con Xosé Manuel Fernández Abraldes, aposta por dar continuidade ao proxecto que se iniciou hai algo máis de tres anos, cun novo goberno transparente, amable e rigoroso na xestión.

“Estamos a esixir da Consellaría que faga un novo Centro de Saúde en Barro. De momento van avaliar a idoneidade dos terreos que ofertamos”

Os compañeiros e compañeiras do BNG volveron elixirte para intentar revalidar a alcaldía nas vindeiras eleccións municipais, como afrontas ese reto?

Primeiro, con gratitude. Teño que agradecer ás compañeiras e compañeiros do BNG a súa confianza e que consideren que son a persoa adecuada para seguir encabezando este proxecto e este goberno de ilusión que chegou a Barro fai tres anos. Volvo afrontar este reto con moitas ganas e ilusión, e tamén coa enerxía que dá a relación e o apoio de moita xente e sobre todo pola paixón que transmite todo o grupo humano que teño arredor.

Voume esforzar todo o que poida para conseguir ese obxectivo porque se algo teño claro é que neste momento Barro non se pode parar.

Chegada a recta final deste mandato, que balance fas do feito ata agora?

Fago un balance moi positivo. Creo que lle demos un cambio radical á acción do goberno, pero sobre todo penso que conseguimos crear un ambiente social de participación, dinamismo e de normalidade en canto á relación entre a administra-

ción municipal e todos os veciños e veciñas. E iso é algo do que estou moi orgulloso.

Por outra banda, grazas ao exercicio de transparencia e de participación que se está levando a cabo tanto a través das asembleas parroquiais, das reunións con entidades e colectivos, das asembleas veciñais por temas puntuais e, sobre todo, grazas ao contacto directo con moita xente coa que falo diariamente e aos que se lle explica toda a nosa actuación e se lle recollen todas as súas opinións e suxestións -que para min son moi valiosas- levounos a unha complicidade entre a maioría dos nosos veciños e o Concello que facilita moito o labor de goberno.

Foron moitos os investimentos feitos no que vai de mandato, cal foi a prioridade á hora de decidir esas actuacións?

Eramos conscientes de que no Concello había moitísimas cousas pendentes de resolver e cousas a medias e foi aí onde demos prioridade.

En Barro había, por exemplo, moitas demandas de espazos públicos e nós sabiamos que os había pero que estaban infrautilizados. Por

iso apostamos por poñer en uso edificios e espazos públicos como a Nave da Música, o Centro Cívico, locais parroquiais etc. Espazos que pasaron de estar veleiros a estar cheos de vida.

Outros dos puntos onde priorizamos, ademais da mellora do servizo, foi na construción de parques infantís ou na seguridade viaria para peóns e vehículos, mellorando pistas ou eliminando puntos negros que representaban graves perigos para a circulación.

Unha mención especial merece a rehabilitación da antiga escola de Barro.

Crear espazos de convivencia e de relación social é fundamental para dinamizar a vida das nosas parroquias ao mesmo tempo que recuperamos elementos importantes do noso patrimonio. A antiga escola de Barro reúne todas esas condicións para conseguir eses obxectivos.

A súa rehabilitación xunto coa creación do parque infantil e a mellora de todo o seu entorno é unha actuación que fará un espazo de centralidade na parroquia e tamén para o desfrute de todos os veciños e veciñas do concello.

Desde o goberno dáselle moita importancia ao benestar dos máis pequenos

Así é. Eu teño claro que os nenos e nenas do concello teñen que poder desfrutar en Barro tanto de actividades como de instalacións pensadas para eles. Xa que son o futuro do concello e o noso futuro temos que coidalo e mimalo.

Un dos nosos obxectivos prioritarios é mellorar os servizos públicos e que cheguen a un maior número de veciños veciñas do concello



É por iso que investimos en construír e mellorar parques infantís ou en mellorar os accesos e o patio do colexio. E ao mesmo tempo creouse unha dinámica de actividade anual da que poden desfrutar sen ter que buscala fóra de Barro.

A mellora dos servizos públicos era un dos teus obxectivos

Intentar mellorar os servizos públicos e que cheguen a un maior número de veciños do concello claro que é un obxectivo prioritario. Fixéronse actuacións na mellora do alumeadado público, tamén se investiu en mellorar o servizo de traída municipal e estamos poñendo as bases para chegar co saneamento a todo o concello.

Ao longo destes tres anos fomos conectando varios lugares ás depuradoras existentes e ao mesmo tempo redactouse un estudo para concretar as ubicacións para as novas depuradoras que nos permitan chegar co saneamento a todas as parroquias.

Que perspectivas tes de que se asenten novas empresas en Barro?

Todas as empresas que deciden asentarse no noso concello teñen a nosa máxima colaboración e facilítaselle a tramitación o máximo posible.

Son varios proxectos os que empezarán a súa actividade nos

nosos polígonos proximamente, co que iso significa de mellora da actividade económica e de creación de novos postos de traballo.

Teño a confianza de que nos vindeiros catro anos consigamos que se multiplique o número de empresas que deciden asentarse en Barro e faremos todos os esforzos posibles para que así sexa.

Levas tempo loitando por un Centro de Saúde novo para Barro. Como van esas xestións?

Así é. Desde que cheguei á alcaldía foi a primeira reivindicación que fixen á Xunta. Nestes catro anos foron varias as reunións que mantiven con responsables da Consellería

para convencelos de que o centro de saúde de Barro non reúne as condicións necesarias para prestar o servizo sanitario á nosa veciñanza. Despois da última reunión, que foi antes do verán, comprometéronse a que nestes meses os servizos técnicos da Consellería virían a valorar os terreos

que están reservados para a construción dun novo edificio.

Agardo que se sigan dando pasos para que nun horizonte próximo contemos en Barro cun centro de saúde adaptado ás necesidades actuais e estarei moi vixiante para conseguir ese obxectivo.



Voume esforzar todo o que poida para revalidar a alcaldía, porque se algo teño claro é que neste momento Barro non se pode parar.



Barro planifica o saneamento integral do concello

O Concello de Barro solicitou aos posibles interesados a oferta de terreos para a construción dunha nova depuradora central en Perdecanaí, que dará servizo ademais de a esta parroquia, a outros lugares das de Agudelo, Barro e Valiñas. Neste momento, estanse analizando as distintas propostas de terreos para escoller a que mellor se axuste ás necesidades desta depuradora.

A construción desta nova depuradora é o primeiro paso da planificación do saneamento integral no concello. Con

este obxectivo foi elaborado un estudo técnico no que se propoñen as distintas solucións e emprazamentos para a construción de novas depuradoras e conseguir, desta maneira, que este servizo público poida chegar a todas as parroquias do concello.

O Alcalde, Xosé Manuel Fernández Abraldes, considera que o estudo técnico encargado polo Goberno Municipal é un documento fundamental para dotar con este servizo público a todos os lugares do concello dunha maneira planificada

e coherente, do cal o primeiro paso é a consecución dos terreos para esta nova depuradora, xa que esta cumprirá un papel central no saneamento de varias parroquias do concello.

Neste momento son poucos os lugares do concello que dispoñen de saneamento. Durante estes tres anos, o Goberno Municipal leva dedicado boa parte do seu orzamento á ampliación deste servizo, pero as depuradoras existentes non son suficientes para unha solución global a todo o concello.

Comezan as obras da piscina municipal

A piscina municipal de Barro será unha realidade a partir do próximo ano. Este proxecto vai dotar ao concello dun novo equipamento deportivo e de ocio, do que carecía actualmente.

As obras a realizar consisten na urbanización da parcela, coa construción de muros de contención, un edificio de servizos de 180 metros cadrados e un cuarto de instalacións de 42,70 metros cadrados, ademais das propias piscinas.

A piscina infantil terá unha dimensión 6x8 metros. A piscina para adultos terá unhas dimensións de 25x10, e contará cunha rampla lateral de acceso á auga para facela totalmente accesible.

Esta obra está financiada con cargo ao plan de reequilibrio da Deputación de Pontevedra para investimentos en dotacións singulares.